

Desde a Vila de Bares ata Espasante, pasando polos cantís de Loiba, e como non, polo banco mais bonito do mundo

Se en Galicia calquera paisaxe é arte, nesta costa a súa beleza alcanza o grao de sublime. Unha costa infranqueable que foi esculpida a golpe da bravura das súas augas e dun vento indomable.

Unha marabilla da Natureza. Unha ledicia para os sentidos.

Sáímos desde A Vila de Bares (non confundir co Porto de Bares, ambos os dous no concello de Mañón), a menos de dous quilómetros do cabo máis setentrional da península ibérica o cal penetra no mar para marcar a separación convencional das augas do Atlántico e do Cantábrico. Unha comarca que gústanos visitar sempre e dalgún xeito este CyC é continuación do que facíamos o ano pasado por estas datas con conclusión na preciosa vila de O Barqueiro.

Como podese ver no mapa ao dorso, a nosa ruta de hoxe permite distintas variantes en diversas zonas e unha delas atopámola ao pouco de iniciar a nosa andaina. Esta intersección daríanos sen dúbida unhas mellores vistas desta costa espectacular, pero despois, en menos de 4 km, teríamos que ascender 100 m. máis de altura, con pendentes que en ocasións alcanzan o 31%, pero queda dito por si o queredes facer outro día.

Aínda escollendo a opción menos esixente temos a partires deste punto unha ascensión continuada dun quilómetro aproximadamente. No camiño tamén atoparemos outra posible variante que, por asfalto, levaríanos pola Garita de Bares, pero a desestimamos por as mesmas razóns.

Salvadas as maiores dificultades da xornada, xa en baixada chegaremos á Canteira dá Sonia. Nos mapas aparece un pequeno carreiro que a supera pola súa banda norte, pero como non é aconcellable facela en grupo por diversos riscos tivemos que procurar outras opcións e escollimos unha penetrando na foresta, nunha zona maioritariamente sen senda definida por espazo duns 900 m., na cal é moi importante non perder a cohesión do grupo para evitar descoidos e confusións que ninguén desexa.

Desde aquí espéranos unha sucesión increíble de praias virxes, altivos cantís, preciosos miradoiros, rochas de caprichosas formas, e o mar enmarcado entre os imponentes cabos de

Ortegal e Estaca de Bares.

Sen dúbida a praia de Esteiro, a primeira que imos pisar, é a menos virxe e con máis servizos das que veremos nesta xornada. A continuación dela, xa en terras de Ortigueira, o miradoiro de Punta Vilardeira, e máis tarde o pobo e a praia de Picón, darannos paso ao Miradoiro de O Coitelo, onde instalou Rafael Prieto o hoxe archiconocido "Banco máis bonito do mundo". Temos xestionada a súa presenza connosco nesta data para que nos conte como se desenvolveu todo o proceso de xestión deste punto de atracción turístico nacional, non hai moito tempo de uso exclusivo duns poucos privilexiados.

Deixaremos momentaneamente a costa ata chegar á altura da baixada á praia Ribeira do Carro. Como veredes no mapa neste punto teríamos a posibilidade de tomar outra variante, e cun pouco de sorte ver a algunha das últimas "algeiras" que quedan na zona, así como tomar fotos en primeiro plano do abraiante monumento natural da Pena Furada, nembargantes, como con toda probabilidade a marea impediranos optar por esta desviación, e mesmo a seguinte que baixa directamente á Praia do Sarridal (ou Ribeira Grande), teremos que facerlle as fotos desde o seu miradoiro que fica entre ambos os dous desvíos.

Empuxados ao interior por esta causa temos que ir o pobo de Marzogán para voltar desde alí de novo á costa e non abandonala xa ata o destino final. Así habemos de pasar primeiro por Punta Bandexa e despois por praias para todos os gustos, entre outras a do Bimbieiro, pequeno areal familiar; Eirón, a da calma para quen a busque; ou a de Santo Antón, especial para "surfeiros". Cruzar entre estas dúas últimas esixiranos un pequeno esforzo e agarrarnos a unha corda para superar o promontorio que as separa. E así chegamos á engaiolante vila mariñeira de Espasante.

PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ 2 Outubro: De Moure a Pe do Home. Ribeira Sacra (Ourense)
- ✓ 23 Outubro: Das Pozas de Mougas ao Mosteiro de Oia (Pontevedra)
- ✓ 28 Out. - 1 Nov.: La Pernia (Montañas Palentinas)
- ✓ 20 Novembro: Polas Fragas de Bogo (Lugo)
- ✓ 18 Decembro: Río Ulla - Pontecesures (comida restaurante opcional)



Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org



SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA

Estaca de Bares ao Leste



Cabo Ortegal ao Oeste



18 de septiembre de 2016

DE BARES A ESPASANTE
Polo banco mais bonito do mundo

← Cabo Ortegal

Cabo de Estaca de Bares →

Distancia total:	18,93 km.
Dificultade técnica:	Baixa
Dificultade física:	Moderada
Wikiloc:	http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=14510324

